



*Debuxo de Luna
dun campo de concentración.*

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

Poeta, narrador e ensaísta con más de vinte publicacións no seu haber, foi catedrático de ensinanza media en Galicia e profesor das Universidades da Cidade de Nova York, da Alta Bretaña en Rennes e de Santiago de Compostela, onde

actualmente é responsable da revista *Moenia* e da Cátedra Valente de Poesía e Estética. Coordina, con Carmen Blanco, a revista pluricultural *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*.

Foi obxecto dos libros *Por un vocabulario galego do sexo*. A

terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer (1996) e *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (1999), de Olga Novo, e *Os mundos de Claudio Rodríguez Fer* (1998), de Natalia Regueiro. Textos seus están traducidos ó castelán, inglés, francés, italiano, alemán, ruso, catalán e bretón.



Escritos de guerra de Lorenzo Varela

Claudio Rodríguez Fer

A figura de Lorenzo Varela merece especial atención pola súa relevancia cultural e literaria na preguerra e, sobre todo, pola súa importancia no exilio, pero tamén polo significativo carácter da súa contribución á cultura española da guerra civil, labor que desempeñou cun notorio protagonismo.

Lorenzo Varela encontrábase en Madrid cando estalou a contenda, vinculado ás *Misiones Pedagógicas*, así como colaborando en *El Sol* e estudiando Filosofía e Letras. Distanciado do galeguismo e do trotskismo aos que sucesivamente se adherira en Lugo xa durante a República, afiliouse en Madrid ao Partido Comunista de España, participando como voluntario nos primeiros combates. Serviu como miliciano no tren

blindado e loitou na fronte durante toda a guerra como comisario político.

Xa en 1936 adscribiuse á *Alianza de Intelectuales Antifascistas para la Defensa de la Cultura* e participou nos seus manifestos e campañas. Así, recitou no primeiro mitin da *Alianza Milicia popular*, 30-9-1936) e, logo, asinou a protesta polo bombardeo de Guernica (*El Mono Azul*, nº 16, 1-5-1937), a réplica ao doutor Lafora (*Abora*, 21-7-37), o manifesto da *Alianza* de decembro de 1937 (*El Mono Azul*, 9-12-1937), o compromiso dos intelectuais pola victoria popular en 1938 (*La Vanguardia*, 1-3-1938) e o relatorio colectivo no II Congreso Internacional de Escritores Antifascistas de 1937

(*Hora de España*, VIII-1937). Polo demais, figura como corresponsable, xunto a María Teresa León, Rafael Alberti, José Bergamín, Antonio Luna, Vicente Salas Viu e os tamén galegos Rafael Dieste e Arturo Souto, de *El Mono Azul. Hoja semanal de la Alianza de Intelectuales Antifascistas para la Defensa de la Cultura* dende o seu primeiro número (3-9-1936).

Obviamente, os seus escritos bélicos, por suposto sempre editados fóra de Galicia e dirixidos a un destinatario castelánfalante, tiveron como lingua a española dende a súa temperá presencia en *El Mono Azul* e noutras publicacións de orientación comunista, como mostra o tamén temperán artigo “Aurora y muerte”, publicado en *Milicia popular* (nº 76, 22-10-1936).



Lorenzo Varela • DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Publicación do "Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes" na que aparece Lorenzo Varela entre outros escritores coñecidos, como Vicente Alexandre ou Rafael Alberti.

A figura de Lorenzo Varela merece especial atención pola súa relevancia cultural e literaria na preguerra, pola súa importancia no exilio, pero tamén polo significativo carácter da súa contribución á cultura española da guerra civil.

A revista El Mono Azul foi o medio que acolleu a maior parte da súa producción poética bélica, composta por romances de loita en sintonía co romanceiro popular que se tratava de crear naquela época e ao que ese voceiro consagrou toda a sección "Romancero de la guerra civil".

A revista *El Mono Azul* foi o medio que acolleu a maior parte da súa producción poética bélica, composta por romances de loita en sintonía co romanceiro popular que se tratava de crear naquela época



Portada do nº 1 de *El Mono Azul*

e ao que ese voceiro consagrou toda a sección "Romancero de la guerra civil". Nela publicou, entre 1936 e 1937, "Las vacas de Ávila" (nº 1, 27-8-1936), "La falsa promesa" (nº 4, 17-9-1936), "Fernando de

Rosa" (nº 6, 1-10-1936), "Romance de Lina Odena" (nº 8, 15-10-1936), "Tengo de cantar cantar" (nº 15, 11-2-1937), "Romance de Zurbano Ramos" (nº 26, 29-7-1937) e, fóra de dita serie, "La flor de mayo" (nº 16, 1-5-1937) e "Campo de Aragón (A los soldados de la 150 Brigada y a su Comisario)" (nº 42, 2-12-1937), á súa vez composto polos poemas "Marcha" e "Fiesta". En prosa publicou, tamén entre 1936 e 1937, "El romancero de la guerra civil" (nº 5, 24-9-1936), "Cantar en la guerra" (nº 9, 22-10-1936) e "Palabras a un miliciano anónimo" (nº 10, 29-10-1936), así como o conto "El fusil" (nº 29, 19-8-1937).

Na primeira prosa citada, "El romancero de la guerra civil", reflexiona e teoriza sobre o romanceiro bélico no que traballan poetas coñecidos e anónimos cun común obxectivo social e político, do que el mesmo participa. Trátase, por tanto, dun dos máis significativos documentos metadiscursivos sobre o romanceiro popular republicano e como tal ten sido considerado. Cómpre salientar, ademais, que foi o poeta inaugural dese romanceiro, que se abriu no primeiro número co seu poema "Las vacas de Ávila" e co seguinte chamamento editorial:

La Sección de Literatura de la Alianza inaugura en este número el "Romancero de la guerra civil". Se pide a todos los poetas antifascistas de España, anónimos y conocidos, que nos envíen inmediatamente su colaboración.



Pero durante 1937 Lorenzo Varela entrou de cheo na reportaxe bélica no diario *Abora. Diario de la Juventud*, publicado en Madrid como órgano das Juventudes Socialistas Unificadas. Así o demostran “La vanguardia de la producción. Un nombre de sacrificio y heroísmo. Toda la fábrica es una brigada de choque” (nº 64, 12-3-1937), “Desde Guadalajara. Invasión. España contra el fascismo italiano” (nº 68, 17-3-1937), “Las muchachas, al servicio de la victoria” (nº 95, 17-4-1937), “Apuntes de la guerra y la revolución. Un prisionero y tres evadidos” (nº 195, 10-8-1937) ou “De las trincheras a la escuela (Cabos y sargentos de la 45 división)” (nº 205, 21-8-1937). Pero, ademais destes escritos estritamente periodísticos, a ese medio aporrou igualmente o poema “Primero de mayo” (nº 107, 1-5-1937) e o artigo “Literatura de guerra” (nº 188, 1-8-1937).

Así mesmo, tamén en 1937 colaborou na revista *Hora de España*, concretamente coas prosas “Contra viento y marea. De la disconformidad a la comodidad, y otras cosas” (nº VI, junio, 1937) e “Bilbao” (nº VII, julio, 1937), e cos poemas “Palabras en el fuego”, “A un joven héroe” e “Hoy” (todos tamén no último número citado).

Por último, refuxouse en Francia, de onde se trasladou a México, iniciando alí un exilio que continuaria en Bos Aires, lugares os dous últimos nos que deixou ampla constancia do seu activismo cultural e social.



Lorenzo Varela en Bos Aires no 1942

Os textos da guerra literaria de Lorenzo Varela son pois un documento inestimable para coñecer o compromiso político e literario do escritor galego, pero tamén para verificar a súa contribución consciente á revolución cultural que supuxo a creación e promoción do romanceiro da guerra civil na zona republicana.

**Refuxouse en Francia,
de onde se trasladou a
México, iniciando alí un
exilio que continuaria
en Bos Aires, lugares
os dous últimos nos que
deixou ampla constancia
do seu activismo cultural
e social.**